

EXTINCTION

Salomé Lamas, 2018

652

PASE ÚNICO EN NUMAX: 06.03.2020 | 17:45h | V.O.S.E.

Extinction (2018, 85')

Dirección: Salomé Lamas

Guión: Salomé Lamas

Son: Stanislav Danylyshyn

Fotografía: Jorge Piquer Rodriguez

Montaxe: Telmo Churro, Francisco Moreira

Música: Andreia Pinto Correia

Produtora: O Som e a Fúria, Lamaland, Mengamuk Films, Walla Collective, Screen Miguel Nabinho, Bikini (Alemaña, Portugal)

Distribuidora: O Som e a Fúria

Formato de proxección: DCP2K, 2.25:1

Idioma orixinal: Inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

RIDM 2018 (Premio especial do xurado), Sevilla 2018 (Premio Las Nuevas Olas No ficción)

FILMOGRAFÍA

Coup de Grâce, 2017 [curtametraxe]

Eldorado XXI, 2016

A torre, 2015 [curtametraxe]

Terra de ninguém, 2012

Encounters with Landscape (3x), 2012 [curtametraxe]

A comunidade, 2012 [curtametraxe]

VHS: Video Home System, 2012

[curtametraxe]

Golden Down, 2011 [curtametraxe]

SINOPSE

O fin da guerra fría non produciu un desxeo en todo o continente. Unha peculiaridade da Europa actual é a variedade de “conflitos conxelados” que contén. Transnistria é un estado non recoñecido que se separou da antiga República Socialista Soviética de Moldavia da Unión Soviética en 1990. A película é unha xustaposición casual do elevado co banal, cunha lóxica de paradoxo desacougadamente convincente.

«A imaxe que emerxe deste paseo sebaldiano pola memoria é unha paisaxe de historias colapsadas, guerras fronteirizas periféricas, zonas de vixilancia e paranoia»


David Perrin, MUBI

Sesión presentada por **Salomé Lamas** grazas ao apoio de **Estraperlo Editora**, **Intersección** e **Consello da Cultura Galega**

OS OLLOS VERDES

OCINEMA INÉDITO
DE NUMAX

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



“Vivimos aínda nun mundo neocolonial”

Entrevista con Salomé Lamas

Por Luciana Gallegos

Un dos temas do filme son as fronteiras ou a ausencia delas e o control estatal. Son necesarias as fronteiras? Para min o filme vai da identidade e os límites, sobre o que pasa no Leste de Europa, pero tamén hai moitos outros conflitos. Eu estou a empregar Transnistria como un caso de estudo de algo que en realidade non ten a ver coa identidade, a relixión, os países ou as fronteiras. Vai de xeopolítica e economía. Sobre os que están a cargo e os seus propios intereses. Algunhas veces os gobernos din que non fixeron isto ou o outro porque para iso xa están os mercenarios. Son cousas que se negocian por baixo da mesa. O tipo que lidera Estados Unidos envía un exército e á vez envía outra xente que poida facer o traballo sucio e o mundo no se vai enterar de como se fixo. Diso fala *Extinction*.

Aínda vivimos nun mundo neocolonial. Os conflitos antigos, xeados, naceron coa caída da Unión Soviética nesa parte do mundo. Hai un problema con Transnistria porque hai unha guerra sen guerra, unha ocupación sen ocupación. A historia dese territorio é colonial. Fixen unha entrevista moi longa cun profesor de Historia en Transnistria e pedínlle que me contase a historia dese territorio. El comezou coa historia desde antes de Cristo. Cando falamos de indentidade, contoume que esa rexión tiña estado en mans de todo o mundo. O mesmo pasa en Xeorxia. Son pobos afeitos a que se lles diga o que teñen que facer. En realidade é mudar unha bandeira por outra. Cando reparas, o mesmo sucedeu en África e outros países de Asia.

No filme aparece reiteradamane unha imaxe dun edificio que é unha grande esfera e que para min representa o mundo coas súas fronteiras demarcadas. É unha lectura interesante. Cando preguntas se a xente precisa ou non fronteiras é unha cuestión moi vasta. Como se di ao comezo do filme, estamos a buscar un mundo sen fronteiras. Hai controis de inmigración e é molesto e

non nos permiten viaxar libremente. Ao mesmo tempo escoitei xente a falar sobre a nostalgia da fronteira que existiu e xa non está aí. As fronteiras poden darche unha idea de identidade e pertenza.

Por que gravou o filme en branco e negro? Cando pensei en como se vería o filme, co cinematógrafo quería que tivese unha resonancia de cinema expresionista alemán e a tamén do cinema soviético. Por iso os altos contrastes entre o negro e o branco, e a música de ópera.

A música é un personaxe. O son é outro tema. Para *Extinction* o personaxe protagonista non é redondo. É un querer ser que nunca chega a ser un personaxe completo, no xeito en que un personaxe debe ser para un filme. E eu estaba interesada niso, alguén que nos leva a través dunha realidade que ten moitas arestas. El anda só a través desde mundo distópico, visitando os monumentos e a arquitectura que son parte da historia da Unión Soviética.

Iso crea unha identidade oficial. Si... era un símbolo de poder. Eu estaba interesada na tola e visionaria arquitectura da Unión Soviética, na idea de memorial, de conmemoración e monumento e en deixar todo o espazo ao son para que fose protagonista. É por isto que dis que o son é outro personaxe, o que é totalmente certo.

Publicado en costaricacinefest.go.cr
Tradución: Xan Gómez Viñas

A directora

Salomé Lamas (Lisboa, 1987) estuda cinema en Lisboa e Praga e artes visuais en Amsterdam. Arestora cursa o seu doutoramento en Coimbra. A pesar da súa xuventude conta no seu haber cun importante número de obras audiovisuais programadas nalgunhas das institucións museais máis relevantes do continente: Museo Reina Sofía, Serralves, Calouste Gulbenkian, Netherlands Instituut voor Mediakunst... A súa primeira longametraxe, *Terra de Ninguém* (2012), estreouse internacionalmente no Fórum da Berlinale, sección na que tamén se deu a coñecer *Eldorado XXI* (2016).

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional.

O **estudantado da USC** inscrito no ciclo pode acadar **1 crédito ECTS** coa súa asistencia a un mínimo de 12 sesións d'Os ollos verdes e a realización dun traballo final, grazas á colaboración da Universidade de Santiago de Compostela. Máis información en comunicacion@numax.org

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org